

CRISE DA RESTAURACIÓN:

O REINADO DE AIFONSO XIII:

O reinado de Alfonso XIII (1902-1931) desenvólvese durante as 3 primeiras décadas do s. XX, un período convulso da Historia de Europa. Nos primeiros anos asístese a diversos conflitos entre as potencias imperialistas que afectarán a España. Na Conferencia de Alxeciras de 1906, a iniciativa de Francia e Inglaterra e co obxectivo de impedir a intervención de Alemaña no Norte de África, créase o Protectorado español en Marrocos. A intervención española e o inicio do conflito en Marrocos será orixe e causa de importantes crises sociais en España (Semana Tráxica, Desastre de Annual...).

Etapas do reinado de Alfonso XIII:

- **A crise do sistema da Restauración (1902-23)**, caracterizado pola descomposición política e social.
- **A Ditadura de Primo de Rivera (1923-1930).**
- A crise final. **Fracaso da reinstauración do Sistema da Restauración.** Gobernos de Berenguer e Aznar. (1930-31). II República (1931-936).

CRISE DE 1898

En 1895, co **grito de Baire**, os independentistas cubanos, con José Martí como líder destacado, reinician a guerra contra España. A guerra **serviu para propiciar a participación dos EE.UU. no conflito.** A súa intervención ven orixinada polos **grandes intereses económicos norteamericanos na illa (acapanan a maior parte da produción e do mercado da caña de sucre)** e, sobre todo, polas **arelas imperialistas dos Estados Unidos** que se centran en rematar coa presenza española no continente americano e conseguir o control da área do Caribe.

O incidente do Maine (voadura dun acoirazado norteamericano desprazado á Habana “para defender os intereses USA”) servirá para iniciar nos EE.UU. unha campaña a favor da guerra contra España. O goberno dos EE.UU. enviou un ultimato para que o goberno español renunciase ó dominio da illa, o que foi contestado coa declaración de guerra.

A guerra foi moi curta dada a superioridade económica e militar dos EE.UU., a distancia desde España ata as colonias, a falta de apoios internacionais, a doada derrota da armada en Santiago de Cuba e Cavite, as importantes baixas a causa das enfermidades tropicais, a imposibilidade de enviar reforzos desde España... xustificaron que, despois do desembarco dos EE.UU. en Cuba, o goberno español pedira o armisticio.

Tratado de París. 1898.

España perde as colonias en América (Cuba, Porto Rico) e Filipinas e Guam (cunha compensación económica de 20 millóns de dólares).

En 1899 España desprendíase do resto do seu imperio colonial coa venda a Alemaña das illas Carolinas e Marianas.

REXENERACIONISMO:

Nace en relación co desastre de 1898 como unha análise e crítica ó sistema oligárquico e caciquil da Restauración.

Os problemas de España, segundo os rexeneracionistas, proviñan dun Estado ineficaz, unha clase política corrupta e oligárquica e o escaso desenvolvemento económico.

Avogan pola rexeneración política (democratización do Estado e maior participación política), rexeneración económica (desenvolvemento da agricultura e da economía en xeral), rexeneración educativa, rexeneración cultural...de España.

O principal representante é Joaquín Costa. Na súa obra “Oligarquía e Caciquismo” fai unha crítica ós principios básicos do Sistema da Restauración, á corrupción dos Partidos dinásticos e á práctica común do fraude electoral.

Costa postula a transformación e modernización do campo español, mediante políticas de regadío, de colonización... así como elevar o nivel educativo e cultural de España, ideas que se recollen no seu lema. “escola e despensa”.

Costa reivindica a figura do “cirurxián de ferro” un home que, de forma autoritaria aínda que temporalmente, sexa capaz de rematar cos males que padece España.

O rexeneracionismo influirá culturalmente na xeneración do 98 e politicamente na “revolución desde arriba” que promoveron Maura e Canalejas e foi invocado polo xeneral Primo de Rivera para dar o seu Golpe de Estado en 1923.

CRISE DO SISTEMA DA RESTAURACIÓN

Os problemas que estarán presentes durante o período da crise da Restauración son:

- **O incremento das loitas sociais.** A mobilización acentúase co mantemento das duras condicións do proletariado, o incremento da conciencia de clase e o paulatino ascenso das organizacións obreiras. O recurso á folga xeneralízase e o PSOE empezará a obter representación política, en primeiro lugar na política municipal. Os anarquistas, incapaces de aglutinar unha organización sindical sólida ata a formación da CNT en 1910, reactivaron a propaganda polos feitos, levando adiante asasinatos de líderes políticos (Canalejas, Dato), patronais e relixiosos.
A reacción do goberno foi escasa e a maior parte das veces represiva ó que se unía as posicións máis extremas dos patróns que acabaron por agudizar os conflitos. O cumio producírase coa chamada á folga revolucionaria en 1917 e posteriormente co pistoleirismo en Barcelona.
- **A cuestión relixiosa.** Irase espallando o anticlericalismo entre a opinión pública urbana e entre as clases populares. As críticas céntranse no predominio da Igrexa Católica na educación e o incremento do número de relixiosos. Socialistas e republicanos, pero tamén membros do Partido Liberal, como Canalejas (Lei do cadeado) coinciden en recortar o dominio da Igrexa, en reducir o número de congregacións relixiosas e na regulación do matrimonio civil.
- **A consolidación do movemento nacionalista.** A perda das colonias e as súas consecuencias económicas (o investimento e desenvolvemento industrial de Cataluña, xunto coa conciencia da decadencia do Estado español) favoreceron o fortalecemento do nacionalismo catalán, liderado pola Lliga Regionalista. Engadírase o nacionalismo vasco, claramente antiespañol e independentista (aínda que nos últimos anos Sabino Arana suavizara o seu discurso cara a unha liña autonomista para achegarse á burguesía vasca), e das Irmandades da fala en Galicia. Estes movementos provocaron unha forte reacción entre sectores conservadores e do exército, temerosos do separatismo e do risco de disgregación de España.
- **O problema militar.** O exército marcado pola derrota en 1898, da que fai responsable ós políticos, vese sometido a un claro desprestixio social e a unha realidade moi negativa (excesivo número de oficiais, escasos medios materiais...). Amparado polo Rei, reaccionará ante os sectores antimilitaristas e por riba dos gobernos liberais, defendendo de forma corporativa os seus intereses (Xuntas de Defensa) e adquirindo un papel protagonista, como garante, do orde social ante o movemento obreiro, da unidade da patria ante os nacionalismos periféricos.
- **O problema de Marrocos.** Coa derrota de 1898 os colonialistas españois puxeron a súa esperanza na posibilidade de reconstruír o imperio a partir do Norte de África. Tralo acordo de 1904 con Francia que outorgaba a España a administración do Rif e Yebala, 2 zonas montañosas habitadas por tribos bérberes, a Conferencia de Alxeciras en 1906 propiciará a creación do Protectorado español, baixo a autoridade teórica do Sultán de Marrocos. A Coroa, gran parte do exército e as empresas con distintos intereses,

fundamentalmente mineiros (Compañía Española de Minas do Rif) impulsarán o espallamento do control español por Marrocos.

Inestabilidade política.

O período comprendido entre 1902 e 1923 caracterizarase por unha permanente inestabilidade política. Os principais factores que explican esta inestabilidade política son:

- **A fragmentación dos 2 partidos dinásticos**, Partidos Liberal e o Conservador. Esta fragmentación está causada pola morte dos seus primeiros líderes, Cánovas e Sagasta e a incapacidade dos líderes emerxentes(Silvela, Maura, Dato... do Partido Conservador; Moret, Canalejas... do Partido Liberal) de aglutinar as distintas correntes, así como as rivalidades entre os principais líderes, máis persoais que políticas. Desde 1917 a fragmentación será tan acusada que os gobernos durarán moi pouco, algúns meses, e terán que formarse gobernos de concentración.

- **A debilidade progresiva do caciquismo**. As denuncias dos rexeneracionistas forzaron a diminución das manipulacións nas zonas agrarias, ó mesmo tempo que se incrementou o peso do voto urbano onde era menos posible a manipulación e a influencia caciquil.

- **O crecemento dos partidos políticos non dinásticos**. Durante as primeiras décadas do século XX vaise incrementando a forza electoral dos partidos socialista, radical, republicanos e nacionalistas fundamentalmente nas cidades, mentres se irán debilitando os partidos Liberal e Conservador.

- **A intervención activa do Rei na política**. Afonso XIII non se mantivo á marxe da política, implicouse nos cambios de goberno, **famosas crises orientais**, conseguindo a inimidade dos presidentes de goberno ós que retiraba a súa confianza. Rodeado dun entorno conservador católico, participou activamente en política e nalgúns ocasións favoreceu ós militares por riba dos gobernos liberais. A súa relación co xeneral Silvestre, a súa posible implicación no desastre de Annual e o seu apoio á ditadura de Primo de Rivera contribuirán o descrédito da súa persoa e ó fin da Monarquía.

- Crecente papel do exército na vida política

O feito de que se acabe impondo o modelo prusiano de Rei Soldado, co monarca como máxima e única autoridade ó fronte do exército, acabará por identificar ó exército como brazo defensor da Coroa, a “columna vertebral” que a sustenta. Afonso XIII ante calquera confrontación entre o exército e os gobernos, sempre se porá a prol do exército. Con este apoio rexio, o exército intervirá en distintos momentos en defensa dos seus intereses corporativos (Xuntas de Defensa), imporá ós distintos gobernos a súa primacía no orde público (Lei de xurisdicións de 1906), interferirá no labor dos gobernos, forzando nomeamentos, actuando en contra das súas decisións (Barcelona, trala folga de La Canadiense) e acadará, en última instancia, a destitución do goberno polo Rei.

A partir da crise de 1898 a problemática dentro do exército agudízase ó poñerse de manifesto a evidencia da súa situación. Un exército mal dotado, pouco moderno, cunha macrocefalia de mandos, o que diminúe a posibilidade de ascensos, baixa formación da oficialidade... Ademais a imaxe do exército non só vai estar asociada á derrota, co incremento do seu desprestixio, senón tamén á discriminación social, pois ata 1912 so cumprían o servizo militar as clases sociais máis desfavorecidas.

Xunto coa defensa exterior, o exército asumirá un novo papel: o control do orde público. A isto contribúe a práctica habitual dos gobernos de suspender as garantías constitucionais e a declaración de estado de guerra ante calquera crise social. O exército combaterá ós “inimigos interiores”, é dicir, os que representan unha ameaza para o orden social, as organizacións do proletariado.

Neste sentido os militares atenderán ós intereses dos patróns industriais, empregando medidas represivas e violentas contra o proletariado anarquista (lei de fugas, amparo de bandas armadas...), como quedou patente en Barcelona a partir de 1919, trala folga de La Canadiense en que o poder militar en convivencia cos

industriais boicoteou o acordo do goberno coa CNT (aprobación da xornada de 8 horas, a liberación dos presos, que non foron respectados) afondando a conflitividade social.

Por outra parte, ante o desenvolvemento dos partidos nacionalistas, sobre todo en Cataluña, o exército convértese en garante da “unidade da patria”. No exército vaise espallando a valoración dos nacionalismos, en especial do catalán, como un grave perigo de “separatismo”, ó mesmo tempo que se afastan e critican ó poder civil, acusando tanto ó goberno como ás Cortes de debilidade fronte ó espallamento dos nacionalismos e ameazando coa intervención.

Como medio de intervención, o exército vai substituír o pronunciamento por motíns, insubordinacións e a creación de Xuntas. Xa desde 1895, oficiais do exército van recorrer ó asalto de redaccións de xornais que publicaran en contra da súa institución, en 1895 contra El Resumen en Madrid, en 1898 contra El Reconcentrado na Habana e en 1905, o



que acadará maior repercusión, o asalto á redacción do Cut, Cut, polas críticas ó exército e a súa defensa do catalanismo. Este acontecemento enmárcase en relación co ascenso da Lliga Regionalista, fundada en 1901 por Prat de la Riba e Cambó, que vai experimentar un ascenso moi rápido e que acada o triunfo político de forma aplastante nas eleccións municipais de

1905, ó que se une o desprestixio do exército, realidade presente na viñeta que motivou o asalto á redacción da revista satírica. A acción militar vai quedar impune, o goberno non castigou ós culpables, debido á solidariedade cos oficiais das principais guarnicións das distintas capitais. O Rei púxose do lado dos militares e estes queixáronse aducindo que a conduta violenta respondía á actuación dos tribunais ordinarios que adoitaban archivar as causas por ofensas ó exército e solicitaron que estas causas pasasen a ser xulgadas por tribunais militares.

A aprobación **da Lei de Xurisdicións de 1906** polo goberno liberal de Moret co consentimento do Rei supuña non so un ataque á liberdade de expresión, senón que tamén é tomado polos nacionalistas cataláns como un ataque directo e, por riba de todo, representa a imposición do poder militar sobre o poder civil. A Lei de Xurisdicións facía recaer os **delitos de opinión** (orais e escritas) ou **obra contra á unidade da patria, á bandeira e á honra do exército baixo xurisdición militar**. Con esta medida alterábase o civilismo que pretendeu impoñer Cánovas e outorgáballe por primeira vez ó exército competencias de Orde Público, ás que acabará sumando ó de garante do orde social fronte á ameaza da revolución social obreira.

A Lei de xurisdicións desprestixiou ós gobernos liberais e **incrementou a oposición de nacionalistas, republicanos e socialistas**. Ademais **favoreceu a unión das principais forzas nacionalistas catalás, desde carlistas e republicanos en Solidaritat Catalana** que obtivo unha importantísima vitoria electoral e que fixo desaparecer ós partidos dinásticos de Cataluña.

A intervención española en Marrocos vai propiciar a división dentro do propio exército entre os *militares africanistas*, claramente partidarios dos ascensos por méritos de guerra e que cobrarán un importante papel despois do desastre de Annual,; e *peninsulares*, os futuros “*xuntistas*”, opostos ás políticas dos gobernos liberais de retiros prematuros e a esixencia de exames para a consolidación de ascensos, e defensores dos ascensos por antigüidade, tanto en época de guerra, como de paz.

A Semana Tráxica. 25 VII – 1 VIII de 1909. Barcelona.

Nestes días produciuse un estalido de violencia en Barcelona protagonizado por elementos anarquistas, republicanos e catalanistas.

As causas que propiciaron este estourido foron principalmente:

- A crise industrial téxtil que afecta ó proletariado barcelonés
- As novas das baixas que se produciran polos ataques en Marrocos desde principios do mes de xullo. Barranco do Lobo
- O recrutamento de reservistas, a maioría pais de familia, e o seu embarque cara a Marrocos, feito que vai provocar graves incidentes.

En 1907 a **Compañía Española de Minas do Rif** (con capital francoespañol) merca as minas de ferro do Rif e inicia a construción dun ferrocarril para unir as minas con Melilla. O 9 de xullo de 1909 o ferrocarril foi atacado polos rifeños e iníciase a mobilización de tropas para Marrocos, reservistas de remplazos de 1903-1904, a maioría casados e con familia. O embarque das tropas en Barcelona motivou a convocatoria da folga xeral por socialistas e anarquistas.

Tralo éxito da folga e a convocatoria do estado de guerra polo gobernador militar, a protesta radicalizouse. Barcelona encheuse de barricadas, queimáronse conventos, igrexas e escolas rexentadas pola igrexa, como manifestación do sentimento anticlerical moi espallado pola Cidade condal e polo apoio da Igrexa ás clases sociais altas.

Durante unha semana Barcelona quedou nas mans do proletariado barcelonés. A revolta foi sofocada polo exército, que recibiu reforzos doutras cidades.

A represión foi moi forte, 5 fusilamentos (entre eles o dun diminuído psíquico e do Fundador da Escola Moderna, Ferrer y Guardia, condenado sen probas concluíntes polo seu significado anarquista e masón).

Consecuencias da Semana Tráxica:

A opinión internacional liderou unha campaña moi forte contra os fusilamentos, especialmente polo de Ferrer y Guardia

O goberno de Maura perdeu o apoio do Rei, ante unha campaña de descrédito liderada polo Partido Liberal, que levou á chamada ó goberno ó membro deste partido, Canalejas. Ademais as forzas opositoras decidiron unir as súas forzas coa formación da conxunción republicano-socialista que trouxo como consecuencia a elección de Pablo Iglesias como 1º deputado obreiro.

Unha vez **fracasados os intentos de Reforma** do sistema político por parte dos gobernos de Maura en 1907 (Leis de reforma electoral e de Administración Local) e de Canalejas entre 1910 e 1912 (Lei do cadeado, Lei de mancomunidades, Lei de recrutamento...), a conxunción de factores como **o intervencionismo do exército, os reveses da Guerra de África e as distintas crises sociais e políticas, derivadas da fragmentación dos partidos dinásticos e o fin da quenda de partidos**, van rematar por quebrar o sistema político da Restauración.

A 1ª GUERRA MUNDIAL E A TRIPLA CRISE DE 1917

A neutralidade española durante a 1ª Guerra Mundial, 1914-1918 aportou unha etapa de prosperidade económica para a maioría dos sectores industriais por mor da substitución das importacións e a exportación de produtos ós países belixerantes. Esta prosperidade, sen embargo, ven acompañada dun grave problema de carestía, fundamentalmente dos produtos de primeira necesidade, que golpea a amplas capas sociais (os produtos de 1ª necesidade entre 1914 e 1918 crecen arredor do 70%). “Contra a carestía” será a reivindicación máis significativa da época.

A TRIPLA CRISE DE 1917

A inflación e a escaseza de artigos básicos, xunto cos acontecementos revolucionarios en Rusia, axudaron a impulsar en España 3 movementos que aínda que comparten a crítica ó sistema político da Restauración, a crítica ó caciquismo e uns principios próximos ó Rexeneracionismo, amosan obxectivos distintos e incluso contraditorios.

En xuño prodúcese un conato de rebelión militar por parte das Xuntas de Defensa. A debilidade do poder civil foi vista como unha ocasión propicia para acadar os seus obxectivos tanto por parte dos partidos políticos alleos ó sistema, catalanistas e republicanos, como por parte das organizacións obreiras, socialistas e anarquistas. En xullo, en Barcelona, A Lliga Regionalista convocou unha Asemblea de Parlamentarios disidentes coa intención de conformar unhas Cortes Constituíntes. No mes de agosto, socialistas e anarquistas convocaron conxuntamente unha Folga Xeral Revolucionaria co fin de derrocar a Monarquía e instaurar a República.

- **AS XUNTAS DE DEFENSA:**

A situación do exército durante a 1ª Guerra Mundial é difícil. Empézase a notar as diferenzas entre os militares africanistas, que contan co favor do Rei e que acceden os ascensos por méritos de guerra, e os militares peninsulares, privados desta posibilidade e que defenden o ascenso exclusivo por antigüidade.

En 1916 militares de infantaría crean unha Xunta Central de defensa para denunciar a incidencia da inflación no deterioro do seu nivel de vida, para a petición de ascensos por criterios de antigüidade, así como para salvagardar ó exército das críticas antimilitaristas e propoñer unha dura represión contra os “inimigos da patria e do exército”, é dicir socialistas, anarquistas e separatistas.

Cando o goberno quixo disolvelas, os dirixentes rebeláronse e foron encarcerados. Membros das Xuntas de Barcelona presentaron un ultimato ó Capitán Xeral de Barcelona, ameazando con usar a forza se non se liberaban os presos e non se recoñecían as Xuntas. O Rei acabará por poñerse ó lado dos militares, o goberno liberal de García Prieto foi substituído por un conservador presidido por Dato que aprobou as Xuntas.

A ASEMBLEA DE PARLAMENTARIOS. BARCELONA.

A crise das Xuntas deixara clara a debilidade do poder civil e dos gobernos liberais, o desprestixio do Rei pola intromisión na vida política, e a fragmentación dos partidos dinásticos. Suspendidas as garantías constitucionais, as Cortes pechadas e baixo unha ríxida censura de prensa, a confusa situación vai ser aproveitada por Francesc Cambó, líder da Lliga Regionalista, que propón a formación dunha Asemblea de Parlamentarios para reclamar a apertura de Cortes coa intención de reformar o sistema cara á democracia e a autonomía para Cataluña.

O goberno non aceptou (xustificouse con que so o Rei podía convocar as Cortes) ante esta resposta, os parlamentarios cataláns invitaron a todos os parlamentarios españois a unha Asemblea extraordinaria a celebrar en Barcelona o 19 de xullo. Aínda que o ministerio a prohibiu, acudiron a Asemblea de parlamentarios un 10%, uns 71 de 760, onde estaban exclusivamente catalanistas, republicanos e socialistas. A Asemblea propoñía a convocatoria dunhas Cortes constituíntes por un goberno de concentración, co fin de rachar co sistema bipartidista da Restauración.

A proposta da Asemblea de Parlamentarios vai fracasar pola falta de apoio e as divisións internas que se porán de manifesto ante a convocatoria da folga xeral revolucionaria. A Lliga, partido burgués, temerosa da revolución social, abandonou as súas pretensións e achegouse ós partidos dinásticos cos que acabará colaborando en futuros gobernos de concentración.

- **A FOLGA XERAL REVOLUCIONARIA.**

En 1917, o triunfo da Revolución Rusa e as crises do exército e parlamentarios propiciaron o recurso á folga xeral revolucionaria por parte do proletariado, gravemente afectado pola carestía. Parecíalle claro ó proletariado a posibilidade real dunha revolución tamén en España. Aínda así a visión de anarquistas e socialistas eran totalmente distintas. A CNT pretendía unha Folga Xeral Revolucionaria indefinida que provocara a caída do Sistema Político e propiciara a anarquía. Os socialistas apuntaban, en colaboración cos

republicanos, a unha revolución burguesa que representara o cambio de monarquía a república (tal como sucedera en Rusia na revolución de febreiro) e unhas Cortes Constituíntes. A UXT e o PSOE, coa colaboración de anarquistas e republicanos van anunciar unha folga xeral revolucionaria para 1917 (agosto).

A incidencia da folga non foi igual en todas partes. Foi maioritaria entre os traballadores de Madrid, Barcelona, Levante, País Vasco e Asturias.

Esta axitación social vai provocar entre a clase política e as clases altas da sociedade o recurso a distintos medios represivos como a militarización dos traballadores, a proclamación do estado de guerra ou a suspensión das garantías constitucionais. Para a represión da Folga o goberno utilizará ás Xuntas de Defensa, deste xeito consegue, ó mesmo tempo controlar o descontento militar e acabar co perigo revolucionario. Ante a forte e pronta represión, produciuse a volta rápida á normalidade, agás en Asturias, onde a folga continuou varias semanas.

As consecuencias da Crise de 1917 foron importantes:

Rematou definitivamente a quenda dos 2 partidos dinásticos: Os partidos da quenda frágantanse. Como novidade, A Lliga Rexionalista de Cataluña e o Partido Reformista de Melquiades Álvarez empezan a colaborar coa Monarquía e co sistema político.

Os militares acadarán un notable protagonismo en política. Os militares van impoñer ós ministros da Guerra e, sempre co apoio do Rei, desobedecerán ordes das autoridades civís e terán un importante papel no mantemento do orde público.

Ademais, tralo fracaso da Folga Revolucionaria, **remátase coa conxunción republicano-socialista e coa colaboración entre socialistas e anarquistas.**

Tralo remate da I Guerra Mundial a axitación social continuou, especialmente en 2 espazos xeográficos concretos, Andalucía e Barcelona. A experiencia da revolución rusa (exemplo a imitar polo proletariado, fundamentalmente para o anarquismo) e a crise económica debido ó desemprego e peche de industrias trala chegada da Paz, van influír na axitación social que se vai desenvolver entre os xornaleiros andaluces durante o Trienio Bolxevique (1918-1920) e os obreiros anarquistas barceloneses contra a patronal que, a partir da Folga de La Canadiense, derivará no fenómeno do pistoleirismo na Cidade Condal presente ata 1923.

FRAGMENTACIÓN DOS PARTIDOS DINÁSTICOS

Ante a falta dun liderado forte e único, a partir da crise de 1917, remátase con 40 anos de quenda e os partidos dinásticos escindíronse de forma acusada. Entre os conservadores van destacar os seguidores de Dato, De la Cierva e Maura; e entre os liberais os seguidores de García Prieto, Conde de Romanones e Santiago Alba. Mentres que Dato e García Prieto son partidarios de continuar coa quenda dos 2 partidos dinásticos, Maura e Romanones van defender outras fórmulas.

A partir deste momento formaranse **gobernos de concentración** pluripartidista ou dun so partido(o Partido Conservador), que permitirán ensanchar as bases da monarquía constitucional, ó integrarse a Lliga catalanista e o partido Reformista de Melquiades Álvarez.

A inestabilidade dos gobernos de concentración deberase a imposibilidade de obter maiorías parlamentarias. A tónica xeral dos gobernos entre 1917 e 1923 vai ser de inestabilidade governamental. Entre 1917 e 1923 producíronse 23 crises de goberno (4 eleccións e 12 gobernos nos que participaron 8 partidos ou faccións: Dato, líder do partido **Conservador**, **Ciervistas**, **Mauristas**, **Lliga Regionalista**, García Prieto, líder do **Partido Liberal**, **Romanonistas**, **Izquierda Liberal**, liderada por Santiago Alba e o **Partido Reformista**.

En 1918 (tralas eleccións de febreiro, nos que foron elixidos 15 grupos parlamentarios, sen que ningún se atrevese a formar goberno) formárase, forzado polo propio Rei(que

ameaza con abdicar) un goberno “nacional”, baixo o liderado de Maura no que se integrará a Lliga e que reunirá ás principais figuras políticas como García Prieto, Dato, Romanones, Cambó, Santiago Alba e que despertará expectativas favorables entre a opinión pública, pero que fracasará en 1919. A partir de aquí aparecerá o trío de goberno Cambó-Maura-Romanones. Como único medio de manterse, os sucesivos gobernos recorrerán con frecuencia á suspensión das Cortes e das garantías constitucionais (suprimidas entre 1919 e 1922).

O DESASTRE DE ANNUAL.

En 1921, tralo remate da 1ª Guerra Mundial, o xeneral Silvestre, favorito persoal do rei Afonso XIII, pretende levar adiante unha operación militar rápida en Marrocos na procura da conquista de Alhucemas, en prol de prestixio persoal e do propio exército (sen preparación, mal equipado, con moitos casos de corrupción), unha operación auspiciada e aplaudida polo propio Rei. Para asegurar o terreo, levanta un centenar e medio de “blocaos”, escasamente defendidos, sen auga e con escasas provisións. Unha vez chegado a Annual, as tropas rifeñas lideradas por Abd-el Krim atacaron ás tropas españolas, que na súa caótica retirada foron masacradas producíndose o desastre de Annual, con máis de 10.000 mortos en poucos días. O desastre dará lugar á apertura dun expediente de responsabilidades do desastre, o expediente Picasso, que ameazaba ó exército e ó propio Rei.

O GOLPE DE ESTADO DE PRIMO DE RIVERA.

Ante a evidente división e ineficacia dos partidos políticos, a impopularidade e fracaso da guerra de Marrocos, as críticas ós militares e os duros enfrontamentos sociais, o Rei vai aparecer como o único garante da continuidade política. Partidario sempre do exército, implicado no desastre de Annual, e ante a inestabilidade política, Afonso XIII acabará por amosarse partidario dunha solución autoritaria.

A maioría dos historiadores pensan que Primo o que fai é matar un moribundo, un sistema da Restauración totalmente esgotado, cunha elite política desacertada, fracasados os intentos de reforma de Maura e Canalejas, cun caciquismo endémico, co fin da quenda de partidos, coa necesidade de rexeneración e con voces que demandan un cirurxián de ferro...

A actuación do goberno ó autorizar o pago do rescate dos oficiais que permanecían en mans de Abd-El-Krim e a investigación do expediente Picasso na busca de “responsabilidades” que significara o procesamento de ducias de oficiais, incluído o xeneral Berenguer, e que ameazaba coa implicación do propio Rei, supuxeron a animadversión do exército e que xurdira a posibilidade dunha intervención militar. Antes de que se presentaran as conclusións do expediente Picasso, en setembro de 1923, o xeneral Miguel Primo de Rivera lidera un golpe de Estado que establecerá unha ditadura militar.

Preséntase como un salvador da patria, o “cirurxián de ferro” que demandaban os rexeneracionistas, que co apoio dos “homes bos” porán fin a esta situación. O xeneral Primo de Rivera falou dun goberno de 90 días, sen embargo, a súa Ditadura durará máis de 6 anos.